

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Entre as competencias que atribúe a lexislación de réxime local aos concellos está a da promoción do deporte.

A presente convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions destinadas a clubs e entidades deportivas federadas constituídos no municipio ou cidadáns, a título individual, que contribúan ao cumprimento dos obxectivos de promoción e fomento da actividade deportiva na súa máis ampla expresión, referida tanto ao desenvolvemento das actividades de competición propias dun club deportivo como á realización dun evento ou actividade deportiva concreta. Así mesmo, ao abeiro destas bases, en réxime de concorrencia competitiva, concederanse axudas a clubs e entidades deportivas para o fomento e promoción do deporte de base.

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1.- O obxecto das subvencions reguladas nas presentes bases é a concesión de axudas a clubs, entidades deportivas ou persoas físicas que non compitan a través de clubs, que estean federados e que teñan como fin facilitar e fomentar a participación cidadá en distintas actividades de carácter deportivo dentro do termo municipal de Lalín. Para elo poderán subvencionarse actividades relacionadas coa participación en competicións deportivas, a organización e xestión de actividades deportivas e os gastos nos que incorran ditas entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas. Así mesmo, ao abeiro destas bases, en réxime de concorrencia competitiva, concederanse axudas a clubs e entidades deportivas para o fomento e promoción do deporte de base.

1.2.- O procedemento de concesión das subvencions establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da *Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*; no *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais*; na *Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*; na *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions* e no seu Regulamento aprobado por *Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo*, na *Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia*, así coma na Base 25 de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2019, prorrogado para o exercicio 2020, e respectando o establecido na *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal*.

1.3. Convócanse subvencions polo seguinte importe e con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE GLOBAL	FINALIDADE
0.341.489.13	15.000,00 €	Outras subvencions deportivas
0.341.489.19	60.000,00 €	Subvencions deporte base

2.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES:

Os clubs, entidades deportivas ou persoas físicas federadas poderán solicitar subvencións ao abeiro dunha das seguintes modalidades:

2.1.- PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade aqueles clubs, entidades deportivas ou persoas físicas que non compitan a través de clubs, que estean federados e que participen en competicións deportivas oficiais ou que organicen eventos e/ou actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas, etc.

Aqueles clubs ou entidades deportivas que non dispoñan de licenzas federativas de deporte base deberán solicitar a subvención obrigatoriamente por esta liña.

2.2.- FOMENTO DO DEPORTE DE BASE:

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade aqueles clubs e entidades deportivas federadas que participen en competicións deportivas oficiais ou que organicen eventos e/ou actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas, etc, e que dispoñan de licencias federativas de base, entendéndose por tal aquelas con categoría de xuvenil ou inferior.

Aqueles clubs ou entidades deportivas que dispoñan de licenzas federativas de deporte base deberán solicitar a subvención obrigatoriamente por esta liña, salvo no caso de que o número sexa inferior a 5, en cuxo caso poderán solicitala, á súa libre elección, pola outra modalidade.

Os clubs ou entidades deportivas que concorran por esta liña reservarán un mínimo de unha praza a disposición gratuíta do Concello de Lalín aos efectos da inclusión daqueles nenos pertencentes a familias con escasos recursos que queiran participar nas actividades do clube. O clube poderá incrementar a oferta do número de prazas de inclusión aos efectos da obtención de maior puntuación segundo se indica na base 8.

Só se poderá solicitar subvención por unha das liñas anteriormente indicadas.

3.- BENEFICIARIOS:

3.1.- Terán a consideración de beneficiarios da subvención os destinatarios dos fondos públicos que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

3.2.- Poderán solicitar as subvencións as asociacións ou clubs deportivos, legalmente constituídos, así como as persoas físicas que teñan especial relevancia no mundo do deporte e que non compitan a través de clubs, sempre que cumpran os seguintes requisitos na data de publicación destas bases no BOP:

- a) Estar federados.
- b) Estar inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.
- c) Carecer de fins de lucro.
- d) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal de Lalín.
- e) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade Social e co Concello de Lalín.
- g) Os clubs deberán ter o domicilio social no termo municipal do Concello de Lalín.
- h) As persoas físicas deberán estar empadroadas no Concello de Lalín na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

3.3.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiario aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia*.

3.4. - Só se subvencionarán aos equipos veteranos no caso de que participen en competicións federadas.

4.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra o beneficiario no período comprendido entre o 1 de novembro de 2019 e o 31 de outubro de 2020.

Só serán subvencionables aqueles gastos aos que se faga referencia no orzamento presentado na solicitude da subvención e, en todo caso, exclusivamente polos seguintes conceptos:

- Fichas federativas.
- Equipamento deportivo, entendendo como tal exclusivamente o vestiario ou outro material fungible específico para cada deporte (como balóns, redes, conos, vallas, etc). En todo caso este material non poderá superar o 20% do total subvencionable.
- Gastos de desprazamento. No caso de que o beneficiario dispoña de vehículo para realizar desprazamentos só será subvencionable o combustible. Se o club dispón de vehículo propio tamén se poderán incluír os gastos de seguro do mesmo e a Inspección Técnica do Vehículos.
- Gastos de aloxamento e manutención só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta.
- Arbitraxes.
- Mutualidades.
- Gastos de persoal e seguros sociais.
- Trofeos, sempre e cando no orzamento presentado coa solicitude da subvención se fixera referencia a dito gasto.
- Cartelería e publicidade. Non será subvencionable o gasto no que incorra o beneficiario para dar publicidade a un sponsor.
- Material médico e/ou farmacéutico.
- Asistencia sanitaria (gastos en asistencia médica ou de rehabilitación)
- Asistencia sanitaria en competicións deportivas do club (ambulancias, gastos médicos ou de Enfermería)

Non se subvencionarán, en ningún caso, aquelas actividades e/ou competicións para as que os solicitantes xa foran beneficiarios dalgunha outra axuda ou achega económica por parte do Concello de Lalín.

Exclúense, en todo caso, os gastos en investimentos ou restantes de capital.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

5.- NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.

6.- SOLICITUDE.

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOPO do seu extracto.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP. Entenderase como último día do prazo de presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

As solicitudes e demais documentación presentaranse de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto, salvo no caso da memoria da actividade, que poderá presentarse en formato libre sempre que recolla, como mínimo, os contidos que se establecen no modelo da mesma. Ditos modelos facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do concello www.lalin.gal

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

As solicitudes deberán ser presentadas preferiblemente a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lalín. Igualmente serán admitidas aquelas solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegra das mesmas.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1.- Documentación relativa á entidade e ao seu representante:

a) No caso de persoa física:

a.i) Fotocopia cotexada do NIF.

a.ii) Certificado de empadramento no Concello de Lalín.

a.iii) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que se autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (Anexo VI) Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín. No caso de que a cuantía da subvención solicitada non supere os 3.000 euros, poderán substituírse as certificacións mediante declaración responsable na que se afirme que o beneficiario está ó corrente das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

a.iv) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia* e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións.

a.v) Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.

a.vi) Documentación acreditativa da participación en competicións ou eventos deportivos oficiais durante o período subvencionable e dos resultados acadados (xustificante de inscrición, certificado da federación, ou calquera outro que acredite dita participación).

a.vii) Certificado da federación correspondente no que se faga constar que o interesado está federado.

b) No caso de clube ou asociación deportiva:

b.i) Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á presente convocatoria e da designación da persoa que asina a solicitude e que actúa no procedemento na súa representación. *Anexo I*. No caso de que ao logo da tramitación do expediente se produza un cambio de representante no procedemento os interesados deberán presentar novo *Anexo I* comunicando dito cambio.

b.ii) Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello de Lalín, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia* e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións e de que a entidade

ou clube que representa se compromete a manter en perfecto estado as instalacións deportivas municipais cando estas sexan utilizadas para o desenvolvemento da actividade de dita entidade ou clube. *Anexo II*.

b.iii) Fotocopia cotexada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante.

b.iv) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que se autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (*Anexo VI*). Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín. No caso de que a cuantía da subvención solicitada non supere os 3.000 euros, poderán substituírse as certificacións mediante declaración responsable na que se afirme que o beneficiario está ó corrente das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

b.v) Certificado da federación na que especifique o número de persoas federadas en dito club, por categorías ou, no seu defecto, mediante copia das fichas federativas. Tanto o certificado como as fichas federativas deberán corresponder á tempada actual. No certificado da federación deberá constar, no seu caso, o número de licencias femininas e de categorías inferiores aos efectos das valoracións establecidas na base 8. Non se valorarán as fichas federativas de categoría sénior, salvo no caso de clubs formados exclusivamente por veteranos.

b.vi) Certificado da federación relativa aos resultados acadados nas ligas, competicións, torneos, etc, nos que teña participado o beneficiario nos 12 últimos meses, ou artigos e/ou resenas publicados en prensa acreditativos de ditos resultados, aos efectos das valoracións establecidas na base 8.

b.vii) Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.

2. Documentación relativa ás actividades para as que se solicita a subvención (para todos os solicitantes):

a) Modelo de solicitude.

b) Memoria do proxecto deportivo do club, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e tipo de subvención solicitada. Na memoria, que deberá realizarse de xeito máis detallado posible, deberá recollerse as competicións nas que participa o club e as actividades nas que ten participado ao longo do ano, así como os participantes, medios requiridos, resultados obtidos, etc. *Anexo III*.

c) Orzamento detallado de ingresos e gastos subvencionables da actividade con expresión do financiamento previsto, e contía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención. O orzamento de gastos só poderá facer referencia a aqueles gastos subvencionables recollidos na Base 4. *Anexo IV*.

d) Certificado no que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. *Anexo V*.

A documentación que se entregue para participar no procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada.

No caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle ao interesado para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa subsanación, informándoo de que no caso de non ser atendido dito requirimento entenderase que renuncia a dita solicitude.

7.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do Concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións*.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- O/s Concelleiro/s Delegado/s en materia de Deportes.
- A Concelleira Delegada de Facenda.
- Un técnico ou persoal adscrito ao servizo de deportes do Concello.
- O Secretario da Corporación, que actuará como secretario da comisión avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 8, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

Os criterios que rexerán para o outorgamento das axudas reguladas nas presentes bases están baseados na valoración deportiva da entidade, na súa rendabilidade no eido social para a vila de Lalín e polos esforzos realizados no eido deportivo para conseguir a igualdade de xénero.

A concesión das subvencións e a súa contía determinarase en función dos seguintes criterios:

- a) Categoría da competición na que se participe, ata 10 puntos.
- b) Número de licencias federativas, ata 20 puntos.
- c) Valoración do proxecto deportivo ou actividade a desenvolver recollido na memoria, na que se relaten os beneficios sociais desa práctica deportiva, ata 20 puntos.
- d) No caso de solicitudes realizadas pola modalidade de Fomento do deporte de base, importancia do deporte de base no club, ata 35 puntos.
- e) Existencia de equipos ou fichas femininas, ata 25 puntos.
- f) Repercusión da actividade do club a nivel local, ata 20 puntos.
- g) Orzamento total do investimento e porcentaxe solicitada de financiamento directamente relacionados coa actividade para a que se solicita a subvención, ata 15 puntos.
- h) No caso de solicitudes realizadas pola modalidade de Fomento do deporte de base, número de prazas ofertadas ao Concello para inclusión, 2 puntos por cada praza ofertada a maiores da obrigatoria, ata un máximo de 20 puntos.
- i) Resultados ou palmarés obtido polo club ou polos deportistas nas competicións nas que teñan participado os últimos 12 meses, ata un máximo de 15 puntos.

Só se valorarán aqueles criterios que estean debidamente xustificadas.

O importe da subvención poderá acadar ata un máximo do 80% do orzamento total de gasto presentado e xustificado.

A contía da subvención outorgada establecerase mediante o prorrateo entre os beneficiarios do importe global máximo destinado, segundo a puntuación acadada de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

9.- RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses, contados dende o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude. Logo de transcorridos seis meses desde o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude sen lles notificar a resolución, os interesados estarán lexitimados para entender a subvención desestimada por silencio administrativo.

As notificacións levaranse a cabo por correo con acuse de recibo, cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

De conformidade co disposto no artigo 18 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión das axudas á Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de beneficiarios das axudas reguladas nas presentes Bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- 1.- Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
- 2.- Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.- Comunicar ao Concello a obtención de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento de realizar a xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.
- 5.- Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos termos previstos na base 6ª.
- 6.- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.
- 7.- Comprometerse ao mantemento das instalacións deportivas municipais en perfecto estado cando sexan utilizadas polo beneficiario da subvención. A tal efecto deberá asinar o documento Anexo II das presentes bases. En caso de incumprimento de dito compromiso o beneficiario, previa tramitación do expediente correspondente, poderá ser excluído da convocatoria de subvencións de posteriores exercicios.

11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen prexuízo da correspondente notificación aos beneficiarios para a perceptiva subsanación de defectos ou corrección de erros.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra o beneficiario no período comprendido entre o 1 de novembro de 2019 e o 31 de outubro de 2020.

Só serán subvencionables aqueles gastos aos que se fixera referencia no orzamento presentado na solicitude da subvención e, en todo caso, exclusivamente polos conceptos indicados na base 4.

O prazo de presentación da xustificación rematará **15 días hábiles despois de recibir a notificación de subvención, vía correo certificado.**

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín da seguinte documentación:

a) Certificación do órgano competente da entidade, ou da persoa física interesada, que acredite o cumprimento da actividade subvencionada, así como declaración relativa ás subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada. *Anexo VII.*

b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto presupostado na solicitude da subvención e en todo caso, como mínimo, da suma das subvencións acadadas para a mesma finalidade. *Anexo VIII.*

c) Memoria xustificativa da actividade realizada. *Anexo IX.*

d) Orixinais das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe mínimo da subvención concedida. O importe total das facturas ou documentos xustificativos aportados deberá acadar, como mínimo, o importe do gasto da actividade subvencionada conforme ó orzamento aportado na solicitude da subvención. A factura orixinal será selada de xeito que quede acreditado que foi utilizada para a xustificación da subvención obtida pola entidade e, unha vez selada, será devolta ao solicitante. No selo farase constar o importe do total da factura que se imputa á subvención concedida.

No caso de que se teñan realizado pagos que teñan retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

As facturas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Facturas orixinais (**con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro**) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable , ó menos,, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).
 - Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de deportes 2020”.

Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.

Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

Reflexará os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

Reflexará os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflexarse o IVA correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que esté en vigor no país de emisión da factura. Cando a cuota se repercute dentro do prezo deberá indicarse “IVE incluído”.

e) Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 300 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma. No caso de pagos en metálico deberase aportar xustificación das circunstancias que dificultaran o pago mediante transferencia. Aquelas facturas e xustificantes de pago achegados que non cumpran cos requisitos indicados non serán admitidas para a xustificación da subvención.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, e non serán admitidos aqueles que non teñan relación directa coa actividade subvencionada.

f) No caso de Federacións deportivas legalmente recoñecidas que non emitan facturas poderase xustificar o gasto realizado mediante certificado oficial expedido pola Federación e

deberá ser acompañado cos asentos e transferencias bancarias correspondentes polos importes exactos que certifique a Federación.

g) Mostras da publicidade realizada nas que conste a colaboración do Concello de Lalín e o seu escudo ou logotipo.

Os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos admitiranse só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. Niste caso ises gastos deberán coincidir coas datas das actividades que se subvencionan. No caso dos gastos por desprazamento, se xustificarán cos títulos de transporte ou factura, no caso de transporte en medios colectivos e, no caso de transporte en vehículos do beneficiario, a razón de 0,19 €/quilómetro, no caso de automóviles e 0.078 €/quilómetro, no caso de motocicletas, pola distancia recorrida entre Lalín e o lugar de realización da actividade subvencionada. Para determinar o quilometraxe terase en conta a información facilitada por Google maps en relación ó traxecto máis curto. A suma dos gastos de manutención e aloxamento non poderán superar na xustificación o 20% da subvención concedida ou do total da suma das subvencións obtidas para o mesmo fin.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado e do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención e para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe do gasto xustificado co límite da subvención concedida. No caso que o importe do gasto xustificado sexa inferior ó recollido na solicitude, minorarase proporcionalmente a subvención.

No en tanto, previa solicitude e excepcionalmente, se a Xunta de Goberno Local o considera oportuno poderase acordar motivadamente o pagamento anticipado de ata o 50 % da subvención, debendo achegarse os documentos xustificativos do gasto realizado; antes de transcurridos **15 días hábiles, despois de recibir a notificación de subvención, vía correo certificado**,

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, aplicando o coeficiente de financiamento.

12.- REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

13.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

Os beneficiarios das subvencions quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencions e na Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2019 prorrogado para o exercicio 2020, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia.

Avelino Souto Rozados

Concelleiro de Deportes.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

DATOS DA ENTIDADE OU CLUBE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL			
DOMICILIO SOCIAL:		CIF:	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO		FAX	

DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS		
DNI/NIF	TELÉFONO	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA

Vistas as bases da convocatoria de subvencións para **actividades deportivas** publicadas no B.O.P. de data

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a presente solicitude de axuda para a modalidade e polo importe que se indica a continuación:

MODALIDADE (Indique a modalidade pola que concorre):	IMPORTE SOLICITADO
☐ PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	 €
☐ FOMENTO DO DEPORTE DE BASE	 €

Por todo isto xúntanse os seguintes documentos esixidos nas Bases da convocatoria: (marcar cun X os que procedan):

DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á ENTIDADE E AO SEU REPRESENTANTE:

- ☐ Designación do representante da entidade. Anexo I.
- ☐ Fotocopia cotexada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante, no caso de persoas xurídicas, ou do NIF e certificado de empadramento no Concello de Lalín no caso de persoas físicas.
- ☐ Declaración responsable. Anexo II.
- ☐ Certificación acreditativa de atoparse ao corrente coa Axencia Tributaria, fronte á Seguridade Social e fronte á Axencia Tributaria de Galicia, ou sinatura das correspondentes autorizacións ao Concello para solicitar dita información. Anexo VI.
- ☐ Certificación da federación ou copia das fichas federativas correspondente á tempada actual.

- ☐ Certificación recente dos datos bancarios do solicitante expedida pola entidade bancaria.
- ☐ Documentación acreditativa dos resultados obtidos na participación en competicións ou eventos deportivos nos últimos doce meses.

DOCUMENTACIÓN PROPIA DA ACTIVIDADE:

- ☐ Memoria explicativa da actividade. Anexo III.
- ☐ Orzamento de ingresos e gastos. Anexo IV.
- ☐ Certificado relativo ás subvencións solicitadas e concedidas. Anexo V.

E DECLARO, baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que figuran na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña, e que a entidade solicitante: (marcar cunha X o que proceda)

- ☐ Carece de fins de lucro no desenvolvemento da súa actividade.
- ☐ Desenvolve as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal de Lalín
- ☐ Non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín

Lalín, de de 2020

O representante

Anexo I

DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D/D^a. _____ con NIF _____

en calidade de Secretario/a da entidade _____

_____ con CIF _____

CERTIFICO:

Que a Xunta Directiva da entidade, na sesión celebrada o día _____, **ACORDOU:**

1º.- Acollerse ás subvención convocadas polo Concello de Lalín para a realización de actividades deportivas ao abeiro das bases publicadas no BOP o día _____.

2º.- Designar a D/D^a. _____ con NIF _____, para que exerza a representación da entidade ante o Concello en todo o procedemento.

Lalín, _____ de _____ de 2020

O/A Secretario/a

Vº e Prace
O/A Presidente/a

Asdo. _____

Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./Dona. _____, con
NIF _____, en calidade de representante da entidade _____
_____, con CIF _____
inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

☐ Que a documentación da entidade que represento e que está en posesión do Concello de Lalín, a efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, ten plena validez e non se produciron cambios na mesma dende a data do seu rexistro ou, no seu caso, dende a última notificación realizada sobre o cambio na mesma .

☐ Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das circunstancias ás que se refire o artigo 13 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións.

☐ Que a entidade ou clube que represento se compromete a manter en perfecto estado e baixo a súa responsabilidade as instalacións deportivas municipais cando estas sexan utilizadas para o desenvolvemento das súas actividades.

Lalín, de de 2020.

O/A representante

Asdo.: _____

Anexo III

MEMORIA DE ACTIVIDADE OU PROXECTO DEPORTIVO

ENTIDADE SOLICITANTE:	
DENOMINACION DA ACTIVIDADE:	
TIPO DE SUBVENCIÓN SEGUNDO ACTIVIDADE:	
☐ Participación en competicións deportivas	☐ Fomento do deporte base
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: (en caso necesario continuar na folla anexa)	
DATA DE REALIZACIÓN:	LUGAR DE REALIZACION:
OBXECTIVOS A ACADAR:	

Lalín, de de 2020.

O/A representante

Asdo.: _____

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: (continuación)

Anexo IV

ORZAMENTO

ENTIDADE SOLICITANTE: _____

REPRESENTANTE: _____

NOME DA ACTIVIDADE: _____

GASTOS		INGRESOS	
(Só se relacionarán gastos subvencionables segundo o disposto na Base 4)			
Concepto	Importe	Concepto	Importe
		Subvención que se solicita ao Concello (máximo 80% do orzamento de gastos)	_____€
TOTAL GASTOS	€	TOTAL INGRESOS	€

Lalín, de de 2020.

O/A representante

Asdo.: _____

Anexo V
DECLARACIÓN DE AXUDAS

D./D^a. _____, con NIF _____
en nome e representación da entidade _____ con
CIF _____, e en relación á actividade _____

DECLARO:

☐ Que nas datas que a continuación se relacionan presentáronse solicitudes e, se é o caso, fóronlle concedidas as seguintes axudas para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE PÚBLICA Á CAL LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	CONTÍA

☐ Non ter solicitada nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou entidades privadas competentes.

Lalín, de de 2020.

O/A representante

Asdo.: _____

Anexo VI

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA, DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E DA AXENCIA TRIBUATRIA DE GALICIA RELATIVOS Á SITUACIÓN DÉBEDA

D./D^a _____ con DNI _____
_____, en calidade de _____ da entidade _____
_____, en relación ás **axudas para actividades deportivas ano 2020 convocados polo Concello de Lalín ao abeiro das bases publicadas no BOPPO de data _____**
_____.

AUTORIZO ao Concello de Lalín a solicitar e recibir da Axencia Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos á situación de débeda referentes:

- ☐ Á miña persoa
☐ Á entidade que represento

(Márquese o que proceda)

Lalín, _____ de _____ de 2020.

Asdo.: _____

Anexo VII

MODELO DE XUSTIFICACIÓN

D. / D^a _____ con N.I.F. _____

en calidade de representante da entidade _____

_____ con C.I.F. _____

DECLARO :

- Que a entidade que represento recibiu do Excmo. Concello de Lalín unha axuda de _____ € para o desenvolvemento da actividade :

- Que dita axuda destinouse á realización dos programas ou actividades para os que se concedeu e que se detallan na memoria xustificativa das mesmas.

- Que os xustificantes que se relacionan na Conta Xustificativa se corresponden cos gastos efectuados para a realización dos mesmos.

- Que os xustificantes orixinais ou copia cotexada dos mesmos quedan custodiados a disposición do Excmo. Concello de Lalín para posibles comprobacións.

- Que os ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada non superan o custo da mesma.

- Que para a realización do mencionado programa recibiu axudas das entidades e polo importe que se relaciona a continuación :

ENTIDADE CONCEDENTE E CONCEPTO AXUDA	IMPORTE	DATA

Lalín , de de 2020.

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Anexo IX

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

ENTIDADE:	
DENOMINACION DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:	
DESCRICION DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:	
Nº USUARIOS:	LOCALIZACION:
DATA DE INICIO:	DATA DE REMATE:
RESUMO ECONÓMICO:	TOTAL GASTOS: _____ €
	TOTAL INGRESOS: _____ €
FONTES DE FINANCIAMENTO:	Subvención municipal: _____ €
	Recursos propios: _____ €
	Outras achegas: _____ €
OBXECTIVOS PREVISTOS:	
OBXECTIVOS ACADADOS:	

Lalín , de de 2020.

O/A representante

Asdo.: _____